


Vitor Manuel Mariño Fernández
 Secretario da Sección Sindical da CUT Citroen 695151270
citroen@cutgaliza.org

Ante a proxima apertura da quenda de fin de semana no Sistema 2, parece ser que STELLANTIS ten dificultades para atopar as 700 persoas traballadoras que precisa. Atopanse agora con esta problemática, que incluso vai máis ala, pois moitas das persoas deciden abandonar a fabrica antes de rematalo seu contrato ante a situación de precariedade existente, unha vez comezan a traballar decatanse do salario insuficiente, presións, problemas de saúde, inestabilidade horaria, xornadas maratonianas, dispoñibilidade absoluta ...

Cos datos do propio grupo, Vigo segue sendo das máis rendibles, inclusive a máis produtiva tamén de tódolos fabricantes instalados no estado.

Datos salario bruto 2021 :



Unha empresa na que o grupo informou no 2022 uns beneficios de 16.800m€, ten un salario de entrada neste ano 2023 practicamente idéntico ao de fai case 20 anos.

Salario bruto entrada ano 2023:

	€/ Hora	€/ Día	€/ Paga	€/ Año
Nivel Formación	5,2408	41,9263	1.257,79	17.609,06

Salario bruto entrada ano 2004:


Especialistas C	4,8363	38,6903	1.160,71	16.250
Especialistas B	5,2173	41,7380	1.252,14	17.529,91

Na CUT sempre exiximos a mellora continua das condicións laborais, sociais i económicas independentemente de que as persoas sexan de nova incorporación, fixos, eventuais, quenda asignada, ou calquera outra circunstancia, intentando por freo á precarización que está acometendo a dirección na planta de Vigo.

Unha degradación das condicións, na que o grupo ten un único fin de aumentar a súa marxe de beneficios, e que penalizan ademais a nosa saúde tanto física como mental, que lamentablemente empeora ano tras ano.

Unha precarización das condicións de traballo continuada nos últimos anos, seguida de reducións de plantilla que non implicaron unha redución na produción mais ben o contrario. **No ano 2004 entono a 9.115 persoas fabricaron 458.200 vehículos; e no 2020, 6.998 persoas fabricaron 498.000 vehículos.**

A produtividade por persoa traballadora creceu exponencialmente; pasando de 50 vehículos por traballador no 2004, a 70 no 2020.



Este aumento de vehículos fabricados cun menor número de persoas traballadoras se debe a un incremento dos ritmos de traballo. Un ritmo de traballo que é dificilmente asumible polas persoas traballadoras e que esta xerando un clima laboral limite, con numerosas operacións por riba do tempo ciclo, co completo desbaraxuste das composicións, que alteran o ritmo de traballo diario e cunha velocidade das liñas imposible.



Esta sobre carga, deriva en enfermidades que case nunca teñen consideración de profesionais, sendo derivados aos servizos da Seguridade Social, con cargo as arcas publicas, ao non recoñecer estas enfermidades profesionais (só se recoñecen unha media de 25 ao ano) para unha plantilla próxima as 6.000 persoas traballadoras.

No 2014 a empresa someteu a chantaxe á plantilla de Vigo para a adxudicación do novo modelo de furgonetas, implementando novas medidas de flexibilidade e unha rebaixa de complementos salariais que supuxo entón ao 5 %, e que posteriormente se consolidaron estes nos recortes nos seguintes convenios colectivos, asumidos non só polo sindicato corporativo da empresa, o SIT, senon tamen por UGT e CCOO

Dentro duns meses cando se negocie o Convenio Colectivo, esperamos reverter esta situación de precariedade en aumento.

Ante esta situación de degradación constante, STELLANTIS Vigo non pode sorprenderse de ter dificultades para atopar persoas traballadoras, se as condicións de traballo tivesen unhas condicións económicas acordes ao custo da vida actual, unhas condicións de traballo que permitan manter unha saúde física e psicolóxica dentro da normalidade, unhas condicións sociais que permitan a estabilidade, a conciliación, os horarios estables e coñecidos con tempo de antelación,... en definitiva unhas condicións dignas, Stellantis Vigo non tería estas dificultades.

Debido a esta situación dende a CUT instamos a representación sindical e á dirección da empresa a sentarse a negociar unhas novas condicións dignas e acordes a situación actual da fábrica e aos beneficios de STELLANTIS, para as persoas traballadoras ante o inicio da cuarta quenda para estas persoas traballadoras.

Agradecemos a súa divulgación e a participación de tódolos actores sociais e políticos na defensa das maiorías sociais.

Atte.

Sección sindical da CUT